

1983

A legalización da interrupción voluntaria do embarazo foi un obxectivo fundamental do movemento feminista


Violencia de xénero, sexualidade, maternidade

Outros aspectos da problemática das mulleres que tiveron gran relevancia no debate feminista foron: a loita contra todas as manifestacións da violencia machista, os anticonceptivos, o aborto, a defensa da libre opción sexual e a equiparación en dereitos das parellas homosexuais.

Anticonceptivos, o Código Penal vixente na ditadura franquista e nos primeiros anos da Transición castigaba a información, indicación e venda de anticonceptivos. Porén, a normativa non impedía na realidade o emprego destes métodos e daba lugar en ocasións a un uso indebido e prexudicial ante a inexistencia dun control médico axeitado. Non será até a Lei 45/1978 do 7 de outubro, cando se autorice a divulgación, propaganda e venda dos métodos anticonceptivos.

Aborto, a legalización da interrupción voluntaria do embarazo foi un obxectivo fundamental das accións protagonizadas polo movemento feminista, que consideraba como un dereito básico das mulleres a libre decisión sobre a maternidade. En 1983 aprobouse a despenalización parcial para os supostos de violación, risco para a saúde física ou psíquica da nai ou malformación do feto. Esta lei foi aplicada dun xeito relativamente flexible, aínda que fundamentalmente en clínicas privadas e coa permanente ameaza das denuncias.

Na actualidade, estase a debater a posibilidade dunha lei de prazos que poida ser aplicada con seguridade no sistema sanitario público.



**o amor é cego...
pero compre que ti vexas
claro**




**non renuncies á túa
libertade como muller
ningún embarazo non desexado**

Galicia

Mientras se debatía la reforma de la ley del aborto

Suspendido el Pleno del Parlamento por desplegar las feministas una pancarta

El Correo Gallego, 3-5-1990



Las mujeres presentaron su nombre, y número de DNI

Unas 400 feministas gallegas se responsabilizan de abortos

La Voz de Galicia, 27-6-1981

A G M

